

BASES “VIII CARREIRA POPULAR DAS PRAIAS”

ORGANIZA: Asociación cultural e deportiva Praias de Comado xunto co Concello de Barreiros e a Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

COLABORA: Café Bar Moderno – Hotel Ría do Masma – Peña Barcelonista San Miguel - Casa Elena Turismo Rural - Taxi Valea - Pinturas Centeno - Agrupación Protección Civil de Barreiros

DATA: 17 de abril de 2022

HORA:

11:00 H. Probas infantiles

11:30 H. Proba adultos

10:00 H. Andaina

LUGAR: PUNTA ANGUIEIRA – SAN BARTOLO – BARREIROS – (LUGO). Diante Hotel Ría do Masma.

SAÍDA ADULTOS E ANDAINA: Praia de Arealonga, Santiago de Reinante, xunto Restaurante La Yenka.

CHEGADA ADULTOS E ANDAINA: Diante do Hotel Ría do Masma na praia de Altar.

CARREIRAS INFANTILES: En praia de Altar

RECOLLIDA DE DORSAIS: Hotel Ría do Masma (zona meta, antes de coller o autobús), ata 30 minutos antes da carreira na mesa adicada a tal fin diante do Hotel Ría do Masma, en Punta Angueira, San Bartolo.

CRONOMETRAXE: Adultos e menores con chip a través da empresa Championchipnorte.

INSCRIPCIÓN: Inscripción e información a través da web e

<https://carreirapopulardaspraias.jimdofree.com/>

<https://maiskmsbarreiros.gal/>

A inscrición nesta carreira automaticamente inscribe a cada corredor/a no "CIRCUITO +KMBARREIROS" na categoría correspondente do circuíto, podendo ser esta distinta á da carreira

PRECIO :

Carreira Adultos: 7 € ata o 31 de marzo e 9€ do 1 de abril ata o 12 de abril. Os que **non** son propietarios de chip amarelo terán un coste a maiores de 1€ en concepto de alquiler de chip, e depositarán unha fianza de 5€ que será reintegrada á semana seguinte da proba unha vez procesados os chips devoltos.

Andaina: 3€ ata o 31 de marzo e 4€ do 1 de abril ata o 12 de abril.

Nenos ata sub 16 gratuita. Os que **non** son propietarios de chip amarelo depositarán unha fianza de 5€ que será reintegrada á semana seguinte da proba unha vez procesados os chips devoltos. O prazo remata o día 12 de abril.

Tfnos: 649 571 360 (Jose), 653684615 (Iván).

Datos a aportar polos participantes: Apelidos e Nome, DNI, data nacemento, sexo, tfno. contacto, e-mail.

CATEGORIAS E DISTANCIAS:

- PITUFOS: NADOS 2017 e posteriores / 80 m. Carreira non competitiva.
- SUB 8 : 2015 - 2016/ 150m. Carreira non competitiva.
- SUB 10 : 2013 – 2014 / 400 m.
- SUB 12 : 2011 – 2012 / 600 m.
- SUB 14 : 2009 - 2010 / 1.200 m.
- SUB 16 : 2007– 2008 / 1500 m.

CATEGORIAS ADULTOS – 9 KM Aproximadamente

- ALTAR (SUB 23): 2006 -- 2000
- COTO (SENIOR): 1988 – 1999
- LÓNGARA (VETERÁNS A): 1978 – 1987
- AS PASADAS (VETERÁNS B): 1968 – 1977
- AREALONGA (VETERÁNS C): Nacidos antes de 1968.

PREMIOS:

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, tanto masculino como feminino. Asimesmo haberá premio para os gañadores absolutos masculino e feminino. A organización ofrecerá obsequios varios e avituallamento final ós participantes.

Por tratarse dunha proba deportiva popular non haberá premios en metálico.

PERCORRIDOS:

Os percorridos infantís serán na propia praia de Altar, con varias distancias dependendo das categorías.

Adultos e andaina: Saida na Praia de Arealonga (en Santiago de Reinante, xunto ó Restaurante La Yenka) e a chegada será na praia de Altar, diante do Hotel Ría do Masma.

Existirá un avituallamento líquido a metade de carreira.

Con este percorrido, os participantes pasarán por toda-las praias de mar do Concello de Barreiros, Arealonga, As Pasadas, Lóngara, Fontela-Balea, Coto, Remior, San Bartolo e Altar. Asimesmo pasaremos polo Castro de San Miguel de Reinante, carreiros de pescadores e paseo marítimo, algo que fai esta carreira especial.

PROTOCOLO COVID:

A proba realizarase con un protocolo covid adaptado para esta competición, que se detalla no anexo I.

Asemade deberase levar cuberto obrigatoriamente a declaración responsable do anexo II.

Esta carreira adaptarase ás medidas covid vixentes no momento de realización da mesma.

VARIOS: A organización poñerá a disposición dos participantes un servizo de autobús para o desprazamento dende a zona de meta á zona de saída. O servizo de autobuses empezará ás 09:30 h e remata ás 11:05 h.

A proba contará con unha ambulancia medicalizada, seguro de accidentes e de Responsabilidade Civil e servizos de protección civil.

Os participantes, se así o desexan, poderán mandar algunha prenda de abrigo dende a liña de saída ata a meta. Estas prendas, etiquetadas co número de dorsal, entregaranse a un responsable da organización antes da saída e poderanse recoller na zona de meta á súa chegada, identificándose co dorsal. Haberá servizo de duchas no pavillón polideportivo do Concello de Barreiros.

Por tratarse dunha proba deportiva e popular, sen ánimo de lucro, a organización non se fai responsable dos danos físicos, materiais, morais e de calquer índole que poidan sufrir os participantes ou os seus acompañantes.

Os participantes deberán levar sempre visible e na parte dianteira o dorsal que facilitará a organización. En caso contrario poderán ser descalificados, coa conseguinte perda de dereitos. Os participantes deberán pasar por todos os puntos sinalados do percorrido. O incumprimento disto dará lugar á descalificación do infractor. Os participantes poderán ser descalificados por comportamento antideportivo ou outro tipo de acción que a organización considere inapropiadas.

Os participantes aceptan o regulamento desta proba, así como autorizan á organización á publicación de fotografías, vídeos, e clasificacións nas que poidan aparecer. A organización poderá pedir un documento acreditativo da identidade.

Aseos e aparcadoiro na área de Punta Angueira.

Os circuitos poderanse consultar na web da carreira.